

Obradoiro de creatividade literaria

1. Introducción e obxectivos

O obradoiro de creatividade literaria levouse a cabo durante 5 sesións de 2 horas con nenos de 6º de primaria. Tendo en conta o limitado da súa duración e a imposibilidade de traballar extensamente os distintos tipos de textos literarios decidimos impartir o obradoiro dun xeito que nos permitise acadar os seguintes obxectivos.

- a. Fornecer aos participantes cunha panorámica xeral de distintos xéneros ou tipoloxías de texto, dende o poético ao relato, texto xornalístico, etc.
- b. Por en contacto aos participantes mediante xogos e actividades coas enormes capacidades da linguaxe, non só no seu carácter comunicacional senon como ferramenta indispensable de autocoñecemento e a creación de mundos e posibilidades.
- c. Achegar aos alumnos e quizais por primeira vez na súa vida escolar aos procesos metalinguísticos ou procesos de reflexión sobre a propia dinámica da linguaxe.
- d. Fornecer aos participantes coas habilidades prácticas para a escrita de textos de diferentes formatos.
- e. Conectar a linguaxe escrita con outros eidos artísticos, como a performance, a danza contemporánea, a música, etc.

2. Memoria de actividades.

Para conquistar estes obxectivos desenvolvimos unha serie de actividades durante os obradoiros. Actividades que se foron intercalando e misturando en cada sesión para favorecer o ambiente lúdico e distendido e así posibilitar tanto o entretenemento dos participantes como un ritmo constante e ameno de traballo. Por outro lado, e desde o primeiro día de obradoiro, propuxemos unha actividade final onde os demais rapaces do colexio e profesores poideran ver e participar dos traballos realizados durante as sesións.

2.1. son ou non son

Con esta actividade pretendiamos que os rapaces se presentaran e coñeceran. Para iso apagamos as luces da biblioteca e puxemos luces de vela por toda a sala, para así crear un ambiente o máis íntimo posible que invitara ao traballo e a reflexión. Posteriormente un a un foron presentándose atendente a dúas posibilidades: definirse a sí mesmos polo que son e fan, ou definirse polo que non son e polo que non fan. Isto, pensamos, posibilita o coñecemento dunha realidade importante, xa non só referida ao ámbito persoal de autocoñecemento, senon tamén na práctica literaria; moitas veces sabemos máis sobre o que non son as cousas que sobre o que son. *Descentrar a mirada e fuxir da anclaxe perceptiva.*

2.2 é ou é todo o que non é ou

Con esta actividade pretendiamos achegar aos alumnos tanto a capacidade da linguaxe para describir (sexa cal sexa o xénero) como reflexionar sobre a propia linguaxe e os procesos psicolóxicos implicados. Para iso pedimos aos participantes que elixiran un obxecto calquera da sala, ou un cadro, e o describiran de moitos xeitos e seguindo criterios que se ían marcando durante o transcurso da clase.

a. Describilo o máis minuciosamente posible. Nestas descripcións comprobouse algo xa esperado: os rapaces á hora de describir semellan anclados na dimensión estritamente visual.

b. Voltar a describir o obxecto tomando todas as gamas sensitivas aínda que estiveran fora do uso respecto dese obxecto ou elemento: sensacións auditivas, táctis, de olfato ,... isto levou a que os rapaces tiveran que interactuar cos obxectos dun xeito nada frecuente (ex. lamben unha cadeira) e consecuentemente crear textos descriptivos máis amplos, precisos e ricos.

c. Engadir as dimensións de utilidade real e utilidade posible.

d. Exercicio de descrición dos obxectos sen falar do obxecto. Describir polo que non é para descubrir o que é. Así eles mesmos comprobaron como este xeito de descrición configura textos orixinais e estraños.

e. Outras variacións de descricións. Tachar adxectivos, coller a descrición do que non é e elixir unha dimensión do obxecto como síntese.

f. Construcción de texto a partir do diálogo entre dúas partes do obxecto que toman vida e falan. (por exemplo, diálogo entre o respaldo e as patas dunha cadeira).

A partir de estas actividades poidemos por un lado descentrar a ollada dos participantes, construír textos de todo tipo (relatos, poemas, guións, etc.) e ampliar e practicar coas múltiples posibilidades e usos da linguaxe escrita.

2.3 meté-fora

Nesta actividade pretendiamos familiarizar aos rapaces con este recurso literario e afondar na capacidade da metáfora como ferramenta imprescindible de coñecemento. Fixemos exercicios centrados fundamentalmente nas emocións, ben elixindo unha emoción e construíndo unha metáfora onde se omite o nome da emoción, como partindo de metáforas sobre sentimentos e tentar desvelar cal era a emoción subxacente á mesma.

Ex. Emoción elixida: tristeza. Metáfora construída por unha alumna: a nena é como unha pomba sen ás.

2.4 poñer palabras ao que non ten palabras.

Neste apartado de actividades tentabamos conectar todas as artes dun xeito libre. Puxemos unha música de carácter experimental (Meredith Monk) e os alumnos tiñan que escribir sobre ela, ou facer unha escultura, ou crear unha danza e logo explicar ao foro porque fixeron tal ou cual cousa.

2.5 construír un xardín de palabras.

Dado que o colexio de Valga ten un xardín enorme cheo de árbores propuxémoslle aos alumnos que escolleran cada quen a súa árbore e que ataran nela os textos elaborados no obradoiro para que estiveran alí expostos dous días enteiros. Tamén nun papel de 10 metros de longo escribimos un poema en conxunto para deixar no chan do patio.